Concepción Vilas Cantelar, secretaria accidental do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2017, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"**PUNTO SEXTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN: (FACTOR PREZO), DAS OBRAS MODIFICADO REPARACIÓN CAMIÑO AGRO DO MUÍÑO (ORTOÑO) E OUTROS. DTC 93 Adicional 1/2014.-**

O señor alcalde informa á Xunta de Goberno Local da lista por orde decrecente da puntuación e proposta de adxudicación que formula a Mesa de Contratación no procedemento aberto para a adxudicación das obras "MODIFICADO REPARACIÓN CAMIÑO AGRO DO MUÍÑO (ORTOÑO) E OUTROS".

O dito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar e aos demais participantes no procedemento de contratación.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a dita obra.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra "MODIFICADO REPARACIÓN CAMIÑO AGRO DO MUÍÑO (ORTOÑO) E OUTROS" á empresa Obras y Viales de Galicia SL (OVIGA S.L.), con CIF B-15608193, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de vinte e catro mil seiscentos corenta e catro euros e sesenta e tres céntimos (24.644,63.- Euros)

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de cinco mil cento setenta e cinco euros euros e trinta e sete céntimos (5.175,37.- €).

C.- Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 6 meses, contados a partir do día seguinte ao da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Nomear como director de obra e coordinador de seguridade e saúde da obra "Modificado reparación Camiño Agro do Muíño (Ortoño) e outros" a Julio C. Rojo Martínez.

E.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao alcalde-presidente do Concello de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas en orde á mellor execución do acordado."

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, a vinte e sete de febreiro de 2017, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace
O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria accidental

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)

concellodeames@concellodeames.gal
www.concellodeames.gal

Tel: 981 888 002
Fax: 981 883 625

Firmado por ENTIDAD CONCELLO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE VILAS CANTELAR CONCEPCION - NIF 34898478A
Fecha: 27/02/2017 12:05:08 CET

Firmado por ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B
Fecha: 27/02/2017 13:54:27 CET